

## **19/2020. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2020.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as nove horas e dous minutos do día 4 de novembro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora accidental municipal, Dna. Mercedes Ocampo Santiago (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 19.02.2015, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 938/2020 de 04.11.2020). Non asisten, con excusa, os concelleiros D. Iván Martínez González e D. Genaro Prieto Iglesias.

Actúa como secretaria acctal., a funcionaria, Dna. Beatriz Santiago Yáñez, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 23.10.2020, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 908/2020 de 26.10.2020.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.-ORZAMENTO 2020: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE.**

Tras deliberación, sométese a votación a resolución de alegacións presentadas ao Orzamento 2020 e aprobación definitiva do mesmo, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 23.10.2020, o informe da interventora municipal de data 23.10.2020, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada en data 28.10.2020, por 8 votos a favor (5PP, 3PSOE) 2 votos en contra (2EU-SON EN COMÚN) e 1 abstención (1 BNG), **ACORDA:**

**Primeiro.**-Inadmitir, por extemporáneas as alegacións presentadas polos seguintes interesados, posto que foron presentadas o 14/10/2020, unha vez rematado o prazo de exposición pública:

Número de rexistro	Fecha de rexistro	Interesados
202000000004165	14-10-2020	PÉREZ FILGUEIRA, MARTA
202000000004166	14-10-2020	PÉREZ FILGUEIRA, MIGUEL
202000000004167	14-10-2020	PÉREZ TORRE, MIGUEL ÁNGEL
202000000004168	14-10-2020	FILGUEIRA PENA, MARÍA JOSÉ

202000000004169	14-10-2020	PENA SARDIÑA, SAGRARIO
202000000004170	14-10-2020	LIZANDRA LOSADA, YOLANDA C.
202000000004171	14-10-2020	PÉREZ LIZANDRA, ANDREA

**Segundo.-**Inadmitir as alegacións presentadas polos seguintes interesados, por non axustarse a ningún dos motivos de alegación ao orzamento establecidos no artigo 170.2 do TRLRFL :

Nº de Orde da Alegación	Número de rexistro	Fecha de rexistro	Interesados
1	202000000004026	13-10-2020 09:24:00	LOPEZ LOPEZ, RAQUEL
2	202000000004027	13-10-2020 09:24:20	PENA SANTOS, DAVID
3	202000000004028	13-10-2020 09:24:35	GARCIA VIGO, MARIA FLORA
4	202000000004029	13-10-2020 09:24:47	VAZQUEZ GARCIA, LAURA
5	202000000004030	13-10-2020 09:24:57	VAZQUEZ GARCIA, MARIA ELISA
6	202000000004031	13-10-2020 09:25:10	ROMERO ABELEDO, FRANCISCO
7	202000000004032	13-10-2020 09:25:20	CASTELEIRO CASAS, LORENA
8	202000000004033	13-10-2020 09:25:30	AMENEIRO LORENZO, MARIA DE LOS ANGELES
9	202000000004034	13-10-2020 09:25:40	ROJO ABELEDO, M. CARMEN
10	202000000004035	13-10-2020 09:25:52	MACEIRAS SILVAR, JAVIER
11	202000000004036	13-10-2020 09:26:07	MARTINEZ BARRO, ANA BELEN
12	202000000004037	13-10-2020 09:26:20	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, MARIA DE LA LUZ
13	202000000004038	13-10-2020 09:26:29	PAZ FERNANDEZ, XOSE X.
14	202000000004039	13-10-2020 09:26:39	CORRAL LORENZO, RICARDO
15	202000000004040	13-10-2020 09:26:58	DEL PALACIO VILAR, BRAULIO
16	202000000004041	13-10-2020 09:27:09	PEREZ BLANCO, DIEGO
17	202000000004042	13-10-2020 09:27:18	LOPEZ QUINTIAN, MANUELA
18	202000000004043	13-10-2020 09:27:27	ROMERO ABELEDO, CLARA
19	202000000004044	13-10-2020 09:27:41	SEJIDO PAZOS, ANTONIO
20	202000000004045	13-10-2020 09:27:51	GARCIA VIGO, TOMAS
21	202000000004046	13-10-2020 09:28:01	PIÑEIRO TRIGO, M.JESUS
22	202000000004047	13-10-2020 09:28:09	VILA GARRIDO, LUCIA
23	202000000004048	13-10-2020 09:28:17	MARCOS SECO, CARMEN
24	202000000004049	13-10-2020 09:28:26	LOPEZ SEJIDO, CARMEN
25	202000000004050	13-10-2020 09:28:38	LOURIDO LOPEZ, MARIA DEL CARMEN
26	202000000004051	13-10-2020 09:28:53	ROMERO PEREZ, OSCAR
27	202000000004052	13-10-2020 09:29:02	RIVERA FILGUEIRA, JOSEFA
28	202000000004053	13-10-2020 09:29:12	RIVERA SUAREZ, MANUEL

29	202000000004054	13-10-2020 09:29:20	REGUEIRO GONZALEZ, JOSE ANTONIO
30	202000000004055	13-10-2020 09:29:28	FORMOSO CARTELLE, M. ELENA
31	202000000004056	13-10-2020 09:29:36	GUERRA MIGUEZ, RAFAEL JORGE
32	202000000004057	13-10-2020 09:29:46	REY FREIJOMIL, CARLA
33	202000000004058	13-10-2020 09:29:55	REY GARCIA, CARLOS ENRIQUE
34	202000000004059	13-10-2020 09:30:06	FREIJOMIL LORENZO, M <sup>a</sup> MERCEDES
35	202000000004060	13-10-2020 09:30:14	REY FREIJOMIL, MAURO
36	202000000004061	13-10-2020 09:30:23	BORES GAMUNDI, ELISA
37	202000000004062	13-10-2020 09:30:31	DOPICO BORES, LUIS
38	202000000004063	13-10-2020 09:30:41	PEREZ DIAZ, PEDRO
39	202000000004064	13-10-2020 09:30:50	PEREZ DIAZ, MARIA CARMEN
40	202000000004065	13-10-2020 09:31:01	SANJUAN CORRAL, RAMON
41	202000000004066	13-10-2020 09:31:16	SALIDO GARCIA, ARACELI
42	202000000004067	13-10-2020 09:31:24	GONZALEZ PEREZ, ESTEFANIA
43	202000000004068	13-10-2020 09:31:34	SANTOS GONZALEZ, JAVIER
44	202000000004069	13-10-2020 09:31:43	GOMEZ LOPEZ, MARIA SONIA
45	202000000004070	13-10-2020 09:31:54	DOMINGUEZ DOMINGUEZ, MARIA DEL CARMEN
46	202000000004071	13-10-2020 09:32:03	CRUZADO DIAZ, PEDRO
47	202000000004072	13-10-2020 09:32:12	PENA SALIDO, MARIA JESUS
48	202000000004073	13-10-2020 09:32:21	LOJAS RAMONA
49	202000000004074	13-10-2020 09:32:31	DOMINGUEZ DOMINGUEZ, JOSEFINA
50	202000000004075	13-10-2020 09:32:45	PENA VIDAL, MANUEL
51	202000000004076	13-10-2020 09:32:56	VARELA DULCE
52	202000000004077	13-10-2020 09:33:05	ROMERO ABELEDO, MARIA DE LOS ANGELES
53	202000000004078	13-10-2020 09:33:14	ROJO ABELEDO, MANUEL
54	202000000004079	13-10-2020 09:33:23	ROMERO ABELEDO, MARIA ROSARIO
55	202000000004080	13-10-2020 09:33:32	PORTO REQUEIJO, FRANCISCO
56	202000000004081	13-10-2020 09:33:40	REGUEIRO REY, MARIA
57	202000000004082	13-10-2020 09:33:49	MARCOS DOPICO, CARMEN
58	202000000004083	13-10-2020 09:33:59	GOMEZ RODRIGUEZ, JORGE
59	202000000004084	13-10-2020 09:34:08	FAFIAN SANCHEZ, AGUEDA
60	202000000004085	13-10-2020 09:34:30	PORTA FERNANDEZ, TERESA
61	202000000004086	13-10-2020 09:34:42	PORTA MARTINEZ, JOSE

62	202000000004087	13-10-2020 09:34:52	FILGUEIRA ROCA, ANTONIO
63	202000000004088	13-10-2020 09:35:05	PENA BRAÑAS, TERESA
64	202000000004089	13-10-2020 09:35:14	GONZALEZ BASTIDA, TERESA
65	202000000004090	13-10-2020 09:35:22	FILGUEIRA PENA, PATRICIA
66	202000000004091	13-10-2020 09:35:31	ROCA AMENEIRO, BEATRIZ
67	202000000004092	13-10-2020 09:35:40	CERNADAS BRAGE, LAURA
68	202000000004093	13-10-2020 09:35:49	MARCOS CASTELEIRO, RUBEN
69	202000000004094	13-10-2020 09:35:59	ESPIÑO PIÑEIRO, JUAN LUIS
70	202000000004095	13-10-2020 09:36:08	VILA GARRIDO, LIDIA
71	202000000004096	13-10-2020 09:36:17	PREGO ROMERO, CLARA
72	202000000004097	13-10-2020 09:36:26	PAZOS ROMERO, BEGOÑA
73	202000000004098	13-10-2020 09:36:35	COUCE PENA, VICTOR MANUEL
74	202000000004099	13-10-2020 09:36:45	SILVAR DOMINGUEZ, ALBERTO
75	202000000004100	13-10-2020 09:36:54	ROBLES FERRERAS, JOSEFA VALENTINA
76	202000000004101	13-10-2020 09:37:03	DOVALE CORDAL, JUAN ANGEL
77	202000000004102	13-10-2020 09:37:11	LOPEZ PEREZ, JOSE
78	202000000004103	13-10-2020 09:37:21	VARELA VAZQUEZ, MARIA TERESA
79	202000000004104	13-10-2020 09:37:30	CASTELEIRO DOMINGUEZ, JUANA MARIA
80	202000000004105	13-10-2020 09:37:38	LOPEZ CABANA, MARIA
81	202000000004106	13-10-2020 09:37:46	LOPEZ LOPEZ, JOSE FRANCISCO
82	202000000004107	13-10-2020 09:37:55	ANEIROS FERNANDEZ, LEONARDO
83	202000000004108	13-10-2020 09:38:10	LORENZO CARTELLE, MERCEDES
84	202000000004109	13-10-2020 09:38:20	LOPEZ CABANA, CRISTINA
85	202000000004110	13-10-2020 09:38:29	PEREZ DIAZ, MARIA DEL PILAR
86	202000000004111	13-10-2020 09:38:38	SILVAR PEREZ, MARIA AURORA
87	202000000004112	13-10-2020 09:38:46	SILVAR PEREZ, MARIA DEL PILAR
88	202000000004113	13-10-2020 09:38:55	MARCOS ROMEU, ESTHER
89	202000000004114	13-10-2020 09:39:03	FERNANDEZ BLANCO, M. NELIDA
90	202000000004115	13-10-2020 09:39:12	AMENEIRO LAGO, PEDRO
91	202000000004116	13-10-2020 09:39:21	BRUQUETAS SIERRA, ANTONIO
92	202000000004117	13-10-2020 09:39:29	RODRIGUEZ GOMEZ, ALBERTO
93	202000000004118	13-10-2020 09:39:39	LOPEZ LOPEZ, CRISTINA
94	202000000004119	13-10-2020 09:39:47	MORADO PAZ, JAVIER
95	202000000004120	13-10-2020 09:39:57	CASTELEIRO LLAMAZARES, MARTA
96	202000000004121	13-10-2020 09:40:06	MARCOS ROMEU, JUAN JOSE
97	202000000004122	13-10-2020 09:40:15	BASOA SANTOS, JOSE RAMON
98	202000000004123	13-10-2020 09:40:23	RUIZ DE AZCARATE CASTELEIRO,

			PATRICIA MARIA
99	202000000004124	13-10-2020 09:40:31	REY REGUEIRO, JAVIER
100	202000000004125	13-10-2020 09:40:40	GARCIA FONTENLA, AVELINO
101	202000000004126	13-10-2020 09:40:50	COSTA FANDIÑO, ROBERTO
102	202000000004127	13-10-2020 09:40:58	PEREZ LOPEZ, ALBERTO JAVIER
103	202000000004128	13-10-2020 09:41:08	SALIDO GARCIA, JOSEFA MARIA LOURDES
104	202000000004129	13-10-2020 09:41:20	PIÑEIRO FERNANDEZ, REBECA
105	202000000004130	13-10-2020 09:41:29	CINZA RIVERA, YOLANDA
106	202000000004131	13-10-2020 09:41:37	GARCIA LOURIDO, RAMIRO
107	202000000004132	13-10-2020 09:41:46	VAZQUEZ SALIDO, EMMA MARIA
108	202000000004133	13-10-2020 09:41:55	VAZQUEZ SALIDO, JOSE MANUEL
109	202000000004134	13-10-2020 09:42:12	VILLALAIN ARTECHE, LUIS ALFONSO
110	202000000004135	13-10-2020 09:42:29	SARDINA REGUEIRO, ANGEL MANUEL
111	202000000004136	13-10-2020 09:42:40	MARAN PENA, FERNANDO DIEGO
112	202000000004137	13-10-2020 09:45:16	BELTRAN GOMEZ, YAGO
113	202000000004138	13-10-2020 09:45:28	TOJEIRO PAZOS, ANGELES
114	202000000004139	13-10-2020 09:45:38	SEDES FILGUEIRAS, CRISTINA
115	202000000004140	13-10-2020 09:45:47	PLAZA COUCE, RUBEN
116	202000000004142	13-10-2020 10:20:30	LOPEZ LOPEZ, RAQUEL
117	202000000004151	13-10-2020 12:16:20	TOIMIL FERNANDEZ, MARIA IRENE
118	202000000004153	13-10-2020 13:10:34	TOIMIL FERNANDEZ, MARIA IRENE
119	202000000004158	13-10-2020 14:00:19	VAZQUEZ ARIAS, MARCO
120	202099900001151	13-10-2020 10:11:50	JOSE MANUEL PENA SALIDO
121	202099900001158	13-10-2020 15:59:41	MARIA DEL ROCIO GARCIA FONTAN
122	202099900001161	13-10-2020 21:24:15	MARIA DEL PILAR DIAZ OTERO
124	202099900001163	13-10-2020 21:34:49	MARIA DEL PILAR DIAZ OTERO
125	202099900001164	13-10-2020 21:40:21	MARIA DEL PILAR DIAZ OTERO
126	202099900001165	13-10-2020 23:20:48	MARIA DEL PILAR DIAZ OTERO

**Terceiro.-**Desestimar a alegación presentada pola seguinte interesada, posto que no documento que consta no expediente de aprobación do orzamento xeral desta entidade local para o ano 2020 se da cumprimento a disposto no artigo 168.1 b) de inclusión no citado expediente da liquidación do orzamento do exercicio anterior (ano 2018) e un avance da do corrente referida a seis meses do exercicio corrente ( 6 meses do ano 2019), polo que a sua elaboración e aprobación axustouse aos trámites establecidos no TRLRFL.

Nº de Orde da Alegación	Número de rexistro	Fecha de rexistro	Interesados
123	202099900001162	13-10-2020 21:29:27	MARIA DEL PILAR DIAZ OTERO

**Cuarto.-**Aprobar definitivamente o orzamento xeral do Concello de Mugaros correspondente ao exercicio económico 2020, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

### **ESTADO DE GASTOS**

#### **A. OPERACIÓNS CORRENTES**

CAPÍTULO 1: Gastos de persoal.....	2.895.701,76 €
CAPÍTULO 2: Gastos correntes en bens e servizos .....	2.831.699,53 €
CAPÍTULO 3: Gastos financeiros .....	7.000,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	264.846,99 €

#### **B. OPERACIÓNS DE CAPITAL**

CAPÍTULO 6: Investimentos reais.....	901.197,85 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital.....	2.500,00 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros.....	21.700,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros.....	0,00 €

**TOTAL.....6.924.646,13 €**

### **ESTADO DE INGRESOS**

#### **A. OPERACIÓNS CORRENTES**

CAPÍTULO 1: Impostos directos .....	3.045.200,64 €
CAPÍTULO 2: Impostos indirectos .....	151.450,96 €
CAPÍTULO 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos .....	856.767,15 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	2.384.423,25 €
CAPÍTULO 5: Ingresos patrimoniais .....	50,00 €

#### **B. OPERACIÓNS DE CAPITAL**

CAPÍTULO 6: Enaxenación de investimentos reais.....	0,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital.....	474.754,13 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros.....	12.000,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros.....	0,00 €

**TOTAL..... 6.924.646,13 €**

**Quinto.-** Aprobar definitivamente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo, reservados ao persoal funcionario e persoal laboral.

**Sexto.-** Remitir copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva, e notifíquese aos interesados que presentasen alegacións ao Acordo do Pleno.

### DELIBERACIÓN

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bos días, damos comezo á sesión extraordinaria co primeiro punto da orde do día que é o Orzamento do 2020: resolución de alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede. Bueno este asunto ven ditaminado de comisión. Ten a palabra o Concelleiro de Facenda.

**Sr. Mahía Prados:** Grazas alcalde, sras. Secretaria e Interventora acctal., concelleiros do Concello. Bueno xa traia a resolución ás alegacións presentadas ao Proxecto Xeral de Orzamentos para o ano 2020, parece ser que xa vén dilatado bastante no tempo, que de hoxe, de ser aprobado xa entrarían en vigor a súa publicación no BOP, que se mandaría hoxe e procederíamos con... de tal forma a..., con eles, a bueno, liquidar as débedas que quedan aínda pendentes de pago e a tramitar todos os... todo o que vén sendo, pois as necesidades de crédito para finalizar este 2020. Destacar que, xa por parte do goberno, se está preparando para traer á comisión os orzamentos do 2021, co gallo de que estean en vigor... no mellor... no mellor breve tempo posible, no comezo do ano que vén, e bueno, vén ditaminado da comisión, conta co informe... o expediente está completo, con proposta do Concelleiro, informe de Intervención e, bueno todo o referente a ese tema, e nada máis.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Moi ben, pois presentado o asunto, abrimos un primeiro turno de intervencións. Palabras? Bueno, pois entón e... Pilar e José Angel. José Angel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Grazas, bos días, bueno primeiro quería comentar un pouco en canto ao tema das alegacións presentadas, houbo moitas alegacións nestes presupostos, non? A maioría das alegacións viñan por parte dos veciños que reclamaban unha compra da casa Bello Piñeiro... para... para bueno, para pois para facer un aparcamento e para convertelo tamén nunha... nunha biblioteca, esas eran principalmente ás alegacións, creo que eran... case, case todas non, por ese motivo. Nós cremos que... que hai que atender aos veciños que é para o que estamos non? atender as cuestións que nos... que os veciños nos reclaman, e nunha cousa de este tipo pois entendemos que será bo, pois, incorporar este tipo de solicitudes nas vindeiras negociacións dos vindeiros orzamentos. En todo caso, e ante a... o modelo tipo presentado, pois chamamos a varios..., falamos con varios dos... dos veciños que firmaran e que eles mesmos nos comunicaron este... este tipo de... este tipo de alegacións e, dinnos que bueno, que non, que eles que non alegaban isto realmente, porque unha... a parte onde pon que... a parte do orzamento que se retirara do edificio da nova

biblioteca, bueno non o pon explicitamente, simplemente hai pois un número que non sabían... non digo todos e, pero cos que eu falei non sabían que estaban firmando realmente que non se investirá na biblioteca, senón que se investirá... que se substituíra en Bello Piñeiro, non? Entón, bueno, comentar que... que nós cremos que isto é unha demanda dos veciños, que iso é importante e nós tamén cremos que non se debe de enganar aos veciños, non? con... presentando unhas alegacións que realmente eles despois pois din que non querían presentar, iso por parte de quen presentou este tipo de documento e o fixera, non. En todo caso, bueno, queda reflexado o noso interese en cumprir os... o que os veciños desexan e... pero non a través do engano, senón a través de, pois da negociación e da... e da palabra. Iso era o que en principio quería comentar en canto aos orzamentos... en canto ás alegacións, perdón. Por parte dos orzamentos dicir que imos a firmar uns orzamentos... nós aprobaremos uns orzamentos seguramente para dous meses, do que queda de ano, e son uns orzamentos que veñen moi marcados, non? moi marcados pola xestión anterior, do ano anterior, coas modificacións de crédito, os acordos extraxudiciais de pago, a compra dos terreos no P-4 que todos os plans de Diputación que xa viñan aprobados tamén, ou máis ou menos, non, das anteriores, e... do anterior ano, e despois polo tema do COVID, aprobación das axudas, de eses 150.000 euros que... que se van a destinar para axudar aos... aos veciños, aos autónomos, e bueno, basicamente non, veñen xa, digamos que todas as modificacións de crédito aprobadas por todos os grupos, exceptuando algunha do BNG, que se abstuvo, todos os acordos extraxudiciais de pago igualmente, todos os proxectos do POS aprobados por todos os grupos tamén, entón queda unicamente unha cuestión que é a construción... da ampliación da Escola Infantil e a Biblioteca, que son as dúas únicas cuestións que van fóra do que xa votamos ata agora, digamos que é o que estamos realmente votando agora, entón bueno, son cuestións que se faloron en comisións, que son peticións de todos os grupos, sobre todo o tema da biblioteca, o BNG pediu a biblioteca, o PP pediu a biblioteca, o PSOE tamén o fixo, entón cremos que bueno, que... que vai co maior consenso, que entendemos que debería ir co maior consenso a Pleno a votación de estes orzamentos non? a aprobación dos orzamentos, porque realmente pois é o que... o que sae do que xa sucedeu durante o ano, non? quedando só dous... dous meses para que termine... que termine o ano, por iso a veces paréceme, por parte de algún grupo, unha actitude un pouco non moi democrática, pois non asumir que o Pleno decida pois realizar as inversións en un sentido ou en outro, e bueno, pois é unha cuestión que tampouco non debería de ser... debería de ser moi importante, non? pero bueno, iso é así. E... nada máis.

**Sr. Alcalde:** Si, e... Pilar.

**Sra. Díaz Otero:** Bueno, bos días, en primeiro lugar desculpar a ausencia de Genaro e Iván, un por motivos persoais e outro por motivos laborais. Dito isto, entramos no punto da orde do día que sería a resolución das alegacións presentadas e, bueno, nós entendemos perfectamente, como non pode ser doutro xeito, que o Goberno teña as súas... as súas prioridades, porque o orzamento o que reflexe é as prioridades do grupo de goberno, e polo tanto, é as que se marcan nos propios orzamentos. E... de todos os xeitos é unha fórmula democrática máis alá do informe que poida facer a Intervención Municipal, onde se expresa a vontade dos veciños e tamén a vontade dos grupos municipais como mecanismo democrático existente, non sendo a primeira vez que se presentan alegacións e reclamacións aos



orxamentos que están en exposición pública, e... bueno, destacar a adquisición de Bello Piñeiro e, digo que é de destacar, porque é un tema que xa se vén debatendo, que tamén se debateu ao longo de este ano a través de unha moción que presentamos no mes de... de xaneiro, que se retirou naquel momento para que fora a comisión, e que é un tema que quedou no esquecemento, non sendo unha prioridade para este goberno intentar dar cumprimento neste ano 2020 para o que é a adquisición desa vivenda, o que aliviaría, non só os problemas de tráfico, un centro sociocultural e a apertura do Seixo ao mar e da súa fachada marítima, dando unha volta a todo o que é a trama urbanística no casco antigo. Se ben é certo como temos constancia de que está de cheo nas negociacións do orzamento 2021 por parte dos dous grupos que conforman o goberno e, que polo tanto estamos confiadas que antes de que remate ese... ese protocolo poida estar incluída nesas orzamentos do ano... do ano 2021, porque así se manifestou ademais por un grupo dos que conforman o goberno, en todo caso, nos felicitamos de que aínda que non vaian en este orzamento vai a ir nos orzamentos do 20-21 e, que polo tanto, non deixemos caducar este protocolo e o fagamos efectivo. Do resto das... das alegacións, bueno, nós entendemos que lle darían un carácter máis social a ese... a ese orzamento, que permitiría estar axudando as familias de Mugardos, igual que se vai axudar aos autónomos e microempresas de este...de este Concello, a través de esa convocatoria ou de esas dúas convocatorias, unha a través do Concello, tramitada para con ese 80% da Deputación e ese 20% do Concello, e outra que sairá dos propios fondos do Concello, que foron con cargo ao remanente de tesourería do ano 2019 e... e despois xa, por último, creo que nos queda a alegación do P-4, é certo que durante os últimos anos se foi facendo compras, incluso este ano se rematou co expediente iniciado no ano 2019, e adquiríronse esas parcelas que sacou a subasta o Ministerio de Facenda. ou se van adquirir, polo menos na subasta foron adjudicadas ao Concello de Mugardos, o que para nós significa un proxecto vital, se para O Seixo é un proxecto vital a adquisición da Casa de Bello Piñeiro, para a vida de Mugardos é un proxecto vital adquisición da casa de Bello Piñeiro, para a vida de Mugardos é un proxecto vital a merca de terreos no P-4 e polo tanto, dar un saída ao que é unha ansiada aspiración dos veciños e veciñas de Mugardos. En base a isto, e que ademais, bueno, estaban todas as obras do PLUS+ 2019 e PLUS+ 2019 2ª FASE. Hai unha do 2019 que está incluída no propio capítulo de inversións e outras que nós entendíamos que polo menos se deberían dar pasos para que, e así viñera reflexado no orzamento, para que se puidera avanzar na execución das mesmas. E por último, xa non me vou a referir a... á de crédito da Escola Infantil e referireime a posteriori na modificación de crédito que hai, nós imos a votar favorable a... ás alegacións no seu... no seu conxunto, e imos a votar en contra do orzamento municipal, entendendo que non responde a ese carácter social que deberían de ter estes orzamentos na situación na que estamos en este momento, e que polo tanto, poderían facer un esforzo maior en ese... en ese capítulo, porque os 7.000.000 de euros non se invisten en pago de facturas pendentes, sobre todo tendo en conta o uso que se fixo do remanente e máis do millón de euros para pagos e para poder executar actuacións que non digo que non sexan necesarias, bueno, polo tanto esa vai a ser a nosa votación, estamos convencidas de que estas alegacións teñen o seu grao positivo, que é conseguir, como estou segura, a incorporación da compra de Bello Piñeiro nos orzamentos do ano 21.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pois se algún grupo quere pedir un segundo turno, segundo turno, palabras? Gemino, José Angel e Miguel. Gemino.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, ola, bo día a todos e a todas, bueno, nós simplemente dicir que imos a ratificar o voto que fixemos no Pleno da aprobación inicial dos orzamentos que foi o da abstención e naquel momento, igual que agora mesmo, ímolo xustificar pois porque entendemos que non é un ano normal, en vista do que está pasando, da pandemia que nos está azoutando e tamén dicíamos naquel momento e o corroboramos agora que íamos a facer, aínda que como ben dixen eu non son crente, que íamos a facer un acto de fe e que íamos, palabras do Concelleiro de Facenda, de que a día 1 de xaneiro, bueno o 2, porque o 1 é festivo, íamos a ter uns novos orzamentos e... isto en canto ó voto que imos a emitir e, o das resolucións das alegacións, nós tamén é certo que nos abstivemos e íamos abster, pero tamén estráñame escoitar aquí que eu creo que alegacións había entre 123 e 126, non me lembro moi ben agora de... do que se está falando aquí, do de Bello Piñeiro, entón, escoito aquí que se enganou a xente, eu entendo que algunha veciña ou veciño puidera estar errado e non sabía o que asinaba ou que reclamaba, agora se imos a entender aquí que fomos quen de enganar a alguén, a 126 veciños e veciñas, entón creo que temos un problema grave, porque si isto é así, eu podo ser capaz de enganar a toda a poboación de Mugar dos.

**Sr. Alcalde:** Vale e... José Angel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Bueno, fixen unha... fixen unha enquisa entre varios e... non... non sei, supoño que non enganarían a todos, evidentemente, pero de todas formas, eu cando... cando vou a O Seixo, a San Juan, a Franza, a todas as parroquias, a min fanme... todos os veciños me fan unha demanda, e non é precisamente que invistamos en Bello Piñeiro, nin que invistamos na biblioteca, nin que invistamos en nada, a demanda que me fan os veciños, principal, cando vou a calquera parroquia e non fai falla ir a ningunha parroquia, aquí no propio pobo tamén me din o mesmo os veciños, dinme que a rúa non esta limpa como ten que estar, que as beirarrúas non.. non están reparadas como teñen que estar, que os pasos de peóns non se vén ben, que hai lixo e porquería nas esquinas, que as leva o vento e que ninguén as recolle, esa é a... a demanda histórica en Mugar dos, esa é a demanda histórica en Mugar dos e esa é a que todos os... eu creo que non son o único, que todos os concelleiros que estamos aquí cando saímos a rúa pois a xente fálanos.... dinos as cousas, eu creo que é o que nos din todos os veciños, é en ese sentido... en ese sentido xa o... o concateno co que ía a dicir agora e, é que os orzamentos están para cumprilos, nós imos aprobar estes orzamentos, estes orzamentos non son uns orzamentos que dean marxe á negociación realmente, e ímolos aprobar, ímolos aprobar porque cremos que se tiveron en conta as nosas demandas, non, o que si quero dicir é que os orzamentos hai que cumprilos, e cumprir os orzamentos non só e que Esquerda Unida queira que fagamos a casa de Bello Piñeiro a toda costa porque é o que eles teñen acordado cos veciños, non, iso non é cumprir os orzamentos, os orzamentos teñen moitas partidas: a primeira partida dos orzamentos é a de persoal, e é a primeira partida que non se cumpre, e nós xa o dixemos varias veces, e xa nestes orzamentos non se vai cumprir esta partida, xa están incumprindo por parte do... do goberno municipal, xa está incumprindo os orzamentos antes de aprobalos incluso, porque había unha partida destinada para contratar a persoal, porque hai unha RPT que di cal é o persoal que hai que contratar e ese persoal non está contratado a data de hoxe, eu xa o dicía no Pleno dos Orzamentos, no primeiro Pleno que houbo, hai que contratar ao persoal, hai 6 prazas de

servizos, de persoal de servizos, mantemento do Concello, e só hai 3 persoas, entre vacacións, enfermidades, etc. hai unha persoa limpando e reparando a rúa, é necesario dar servizo aos veciños, igual que na rúa, na limpeza dos edificios municipais e a atención dos veciños no Concello, entón iso é o que nós aquí dende a oposición lle esiximos que cumpra ao Goberno Local e... iso está nos orzamentos municipais, aparte dos edificios tamén, que está moi ben o dos edificios, pero ao veciño o que lle preocupa non é que se faga a casa de non sei que, que se faga a biblioteca de non sei canto, non, ao veciño preocúpalle que lle limpen, que teña unha atención boa e iso é o que nós pretendemos, e iso é o que está incluído nos orzamentos e o que non... xa non se vai cumprir dos orzamentos, por iso lle pedimos un esforzo, un último esforzo, quedan 2 meses, imos a tratar de facer as cousas ben, en canto ao persoal, ao mesmo tempo tamén hai que cumprir as inversións que están aprobadas no orzamento. O orzamento vén a aprobarse en novembro de... de 2020 e cando o razoable é que estivesen aprobados antes polo menos de medio ano, que ademais que é cos datos que van incluídos, porque se inclúen os datos do último semestre, polo tanto vai incluído os datos do último... da primeira parte do ano e aí debíamos ter os orzamentos aprobados e non os temos, eu pídolles que fagan un esforzo para cumprir este orzamento, primeiro porque xa hai unha parte que é incumplible, imos a tratar de que se cumpra o resto e, despois hai outra cuestión, nós estamos apoiando o orzamento, pero evidentemente que nós aprobemos os orzamentos vai condicionado a que se cumpran, porque si nós aprobamos o orzamento e non se cumpre o do 2020, o do 2021 non o imos a aprobar se non se cumpre o do 20, unicamente que sexan causas alleas como vemos que este ano pode pasar calquera cousa, non, xa co do COVID este, pode pasar o máis inesperado do mundo, non, pero bueno en ese sentido refirome a que nós imos a apoiar estes orzamentos, son uns orzamentos que non son os nosos orzamentos, non son os orzamentos do Partido Socialista, son os orzamentos do partido que está no goberno, pero nós ímolos apoiar, cremos que debemos facelo e tívosenos en conta, en todo caso, xa lle digo, é sempre un cumprimento condicionado, un apoio condicionado a que se... a que se cumpran. E logo xa para terminar, dicir que quero dar o parabén ao traballo que fixo o goberno municipal en... no sentido do axuste e na... bueno o que fixeron nos pagos, cos pagos do... do Concello, a regularización das... dos pagos, cando chegamos o ano pasado na conta de liquidación había unha partida na cal a Interventora recoñecía que non sabía cal era o importe das débedas do Concello de Mugarbos en unha parte bastante importante que se pagou este ano, como era o de Ares, o da auga, etc. e iso parece que quedou regularizado, agora hai que regularizar os ingresos, sucede exactamente o mesmo, hai unha partida de ingresos orzamentaria que a Intervención do Concello recoñece que no... que non sabe cal é o importe exacto e... e cremos que é o vindeiro reto que teñen vostedes, e... regularizar esta... esta situación. E... en canto ao tema social eu creo que bueno, están aí os 150.000 euros para as... para que se axude aos autónomos e as empresas e, creo que será moi importante porque creo que esta pandemia non... non se acabou aquí, non se acaba nestes orzamentos, senón que será moi importante que o ano que vén nos vindeiros orzamentos estea claramente recoñecido esa partida para os gastos, para as axudas as familias, do que se falou aquí, para os autónomos, para todos, non, iso é... creo que é realmente importante, e logo que bueno, que nós como sempre imos estar a facer unha oposición positiva, propositiva, e queremos... cremos que debemos de, dado as circunstancias nas que vivimos, chegar a consensos para facer as cousas, non? está moi ben que nos intenten impoñer que negociemos nun sentido ou en outro, pero todos deberíamos de falar, porque para avanzar hai que falar. Grazas.

**Sr. Alcalde:** Miguel.

**Sr. Mahía Prados:** Grazas, bueno comezando un pouco polo final e... hai unha... referente a intervención do BNG e, vouna enfiar tamén un pouco ca intervención que fixo o PSOE, para finalizar acerca da intervención que fixo Esquerda Unida. O meu compromiso segue sendo o de intentar ter os orzamentos para 2 de xaneiro, sei que é complicado, seino, porque agora mesmo estamos tramitando os orzamentos de... do 2020, a aprobación definitiva e, xa temos asimilado que ocorra o que ocorra, poña o que se poña, vai haber un período de alegacións, xa non nós vai coller noutra... noutra situación neste sentido, xa imos... xa sabemos o que van intentar algunhas persoas, non porque sexa o mellor para Mugardos, senón pola famosa frase de –canto peor para vós mellor para nós- entón nós xa temos asimilado que cand... a tramitación dos orzamentos vai ser tediosa, xa foron os destes, non descartamos que sexan os de 2021, pero farémolos, o meu compromiso persoal era que estiveran en vigor a principios de ano e senón é a día 2... presentados en este ano van a estar, cando entren en vigor vai depender das posturas e das decisións de... dos grupos de este Concello, enlace tamén co tema das... das alegacións, e... a min sorpréndeme, e dígoo así con total claridade, o artigo... creo que era o 171.1 e 170 da Lei de Facendas Locais fala dos criterios que teñen que cumprir as alegacións que se presentan aos orzamentos. A min, a verdade, chámame moito a atención que presenten incluso alegacións aos orzamentos alguén que non é nin de Mugardos, que iso xa é para min, vamos, xa, cando me digan se os orzamentos de Mugardos son participativos ou non, eu o que vou dicir é que ata presentan alegacións xente que non é do propio Concello, e... incluso referente a este tema das alegacións, como ben dixo o Voceiro do Partido Socialista e... nós tamén fixemos unha consulta entre algunhas persoas que asinaron o que era unha recollida de firmas, non unhas alegacións aos orzamentos, entón as persoas que se encargaron de orquestrar isto, de que sabían perfectamente as partidas, co que considero que algún veciño pois non ten que saber, ou non sabe, porque non está no día a día Municipal, ata o número de partida do orzamento a cal vai vir vencellado a biblioteca, porque aquí o Concello, o expediente non o solicitou ningún veciño, aínda que estaba no seu dereito de facelo, soamente tiveron acceso os grupos políticos, entón a ver, a verdade é que choca que á xente se lle leve unha recollida de firmas para... para mercar Bello Piñeiro e para arranxar Bello Piñeiro, e acabe sendo alegacións aos orzamentos, a verdade é que choca bastante, 126 alegacións, nin máis nin menos en total. E.. retomando co tema de... isto, das alegacións, do que firmaron, mire... e volvendo con Bello Piñeiro, o goberno non deixou isto nun caixón, o Alcalde está en contacto permanente co Arcebispado, porque este goberno non entende porque o protocolo que hai agora mesmo aquí no Concello di que se facemos unha obra, se facemos un aparcadoiro, se facemos algo, logo de terminar a cesión ten que quedar en posesión do Arcebispado, e iso o Goberno non o comparte, o Goberno o que comparte é: se facemos unha inversión de X miles de euros, que son moitos miles de euros e... nunha propiedade, quede en beneficio dos veciños, non en beneficio do Arcebispado, entón o actual goberno o que está a facer é negociando co Arcebispado, buscando solucións e alternativas para que iso pase a ser municipal, porque os cartos dos veciños son para os veciños, non para unha entidade privada, que o fin e o cabo é o que deixa de ser a.. o Arcebispado. Referente a... a... constitución de estes orzamentos, tamén un pouco o que se comentaba por parte do PSOE, referente, bueno, a inclusión, actualmente xa cargamos todos os RECS, están cargados, temos

as partidas esgotadísimas, de feito xa non sei nin como chegamos a novembro, porque foi un... quero agradecerlle, hoxe está aquí a... a tesoureira como interventora accidental e quero agradecer, tanto a tesoureira como a técnica auxiliar e a Interventora, o encaixe de bolillos que tivemos que facer durante todos estes meses para pagar as facturas e para pagar todo o que tiñamos que pagar, porque quero recordar que soamente en bombeos da EDAR nestes orzamentos vai unha partida de 100.000 euros para pagar electricidade e, hai recoñecidos máis de 120.000 euros en facturas de RECS, e dicir, hai máis que pagar do ano pasado do que imos a gastar este ano, entón tivemos que facer un encaixe de bolillos moi importante para poder axustar todas esas partidas, e quero agradecerlles de corazón todo ese traballo que estiveron realizando. Falouse... faláronse tamén de... das axudas de autónomos, hoxe xa aproveito para anunciar, foron remitidas á base nacional de subvencións as axudas do PEL e vanse remitir hoxe tamén se lle da tempo aos funcionarios as que... as que son de competencia municipal, entón quero aproveitar tamén este punto para anunciarvos que xa está finalizada a tramitación e que vai dar lugar a apertura de esas solicitudes de axudas por parte do Concello, e que tamén e... o compromiso que había por parte do goberno era contemplar nos orzamentos do 2021 a partida necesaria para que ninguén quedara fóra destas axudas, ninguén dos... dos colectivos que puideran presentarse por non estar protexidos dentro da lexislación europea, puideran presentarse a estas axudas. Tamén e... bueno, referente a situación de... da contratación e da... e do persoal municipal, é certo que temos... e... nos capítulos de persoal presupostados prazas que non están cubertas, de feito actualmente hai un compromiso por parte do Comité de Empresa, de feito despois do Pleno temos unha Comisión de Facenda onde podemos falar máis... máis en profundidade para anunciar que o informe de Intervención e de Secretaría dan como taxa de reposición por xubilacións e a Lei de Orzamentos que segue en vigor, a contratación de unha persoa e que se está negociando que sexa precisamente para o servizo de obras, se non é o encargado sería o segundo, xa que imos intentar facelo e... o tema de encargado de obras por promoción interna e, sacaremos a outra praza por promoción libre. Despois, para finalizar, referente a... non vou facer... non vou dicir quen, para evitar o turno de alusións, pero creo que a bo entendedor poucas palabras bastan, e vou falar bueno, das últimas... da intervención do último... do principal grupo da oposición, e... dixeron que o goberno ten as súas prioridades, estes orzamentos corresponden as prioridades do goberno, si, pagar pufos, e non me vou cansar de dicir isto, por que? Porque ás prioridades que ten o goberno é poñer as contas ó día, porque estamos a finais de 2019, vai facer un ano que chegamos ao goberno e non facemos outra cousa que regularizar o desastre que nos atopamos, porque era un desastre, pero con maiúsculas, era un desastre a situación da Facenda Municipal, máis aló da... da vontade e de dicir a vontade dos veciños para mercar cousas, mire, antes de mercar nada, antes de facer inversións, que está ben facelas, que é o que queremos facer, e estamos desexosos de poder facer inversións, non podemos facelas se aínda temos a provedores que non lle pagamos. Se aínda temos a empresas que non cobraron, e poño exemplo a empresa concesionaria da... da Escola Infantil, que dende o 2017 se... sumando ano por ano débesele a un... entorno a 50.000 euros que formalizaremos o pago e cancelaremos a débeda con estes orzamentos. Hai outra serie de cousas, xa digo, tamén se falaba do pago a provedores, xa anuncio, coa entrada en vigor dos orzamentos, procederemos a pagar todas esas facturas que faltan, e posiblemente suba o período medio de pago, porque hai facturas que están rexistradas e que o período medio de pago calculase en base ao... a contía da factura e o tempo que hai entre o rexistro e o seu pagamento, entón, se temos

facturas de anos pasados, ou débedas de anos pasados, como a da Escola, xa anuncio que posiblemente o pago medio a provedores suba, e logo volva a baixar, precisamente porque comezaremos a pagar todas esas facturas e todo o tema, con estes orzamentos, e entón cando chegue o momento de levar a... os exercicios trimestrais e toda a situación, leváranse á comisión, pero que vaia xa... que vaia por diante que coa entrada en vigor dos orzamentos finalizaremos e pagaremos todo o que se tiña pendente e regularizaremos de forma definitiva, levándonos un ano neste proceso, a regularización total do que vén sendo dos gastos do Concello, como me dixo tamén o Voceiro do PSOE, o seguinte paso serán os ingresos e aí teremos que... tamén que facer outro esforzo, para darlle estabilidade a este Concello, non para o que quede de lexislatura, ou por un ano ou por dous, senón para garantir que este Concello esta situación que vivimos e que atopamos non se volva a repetir. Tamén falan vostedes de que... goberno de dous, mire non, hai cinco concelleiros do Partido Popular que están no Goberno, que o Partido Popular fala con todos? Fala con todos, con todo aquel que queira falar, falamos co Bloque, falamos co PSOE, con vostedes, se tiveran a ver algún día falar, pois falaríamos, pero nin está nin se lles espera porque bueno, propostas ao orzamento de 2021 cero. Iso si, paos as rodas aos orzamentos de 2020 todos os que puxeron e máis, entón nós falamos con quen quere falar, é certo que como ben se dixo a palabra e o diálogo e o que fai que as cousas funcionen e nós imos a traballar por todos os mugardeses, voten ou non voten. Falan tamén vostedes de e... que deixamos de... das parcelas do P-4, claro a nós, claro que nós interesaba arranxar o Zárate, e non fixemos outra cousa máis que buscar financiación e buscar formas de poder amañar ese edificio para facer un edificio de usos socioculturais, que era o acordo que había entre os... a maior... dous terzos do Pleno, e claro que se está a traballar nese sentido, pero como dixen antes non imos a deixar de pagar pufos por facer inversións, primeiro hai que pagar o que se debe e logo poderemos mirar cara adiante, pero non... mentres non resolvemos o que se debe non podemos mirar cara adiante, temos que seguir mirando cara atrás. E.. para finalizar, mire, e... que 7.000.000 de euros non van en pago de facturas, ten razón, 7 non, pero 3 si, 3 si que van, e logo dous millóns e medio de pago de facturas, e logo quedánnos os restantes 900.000 euros que é o anexo de inversións. Esas son as contas do Concello e son as que vimos hoxe a aprobar aquí, se finalmente se alcanza o acordo para que así sexa. Nada máis e grazas.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Vale, grazas, bueno pois entón sometemos a votación a proposta do Concelleiro delegado de Facenda que consta no expediente e que é en primeiro lugar levar... Primeiro inadmitir por extemporáneas as alegacións presentadas polos seguintes interesados, interesados que se presentan, rematado o prazo de exposición pública, que figuran no expediente, tamén inadmitir as alegacións presentadas polos seguintes interesados por non axustarse a ningún dos motivos de alegacións de orzamentos establecidos segundo o artigo 170.2 que figuran no expediente tamén e, por último, desestimar a alegación presentada pola interesada, por María del Pilar Díaz Otero polo que no documento que consta no expediente de aprobación do orzamento xeral desta entidade local para o ano 2020 se da cumprimento a disposto no artigo 168.1 b) de inclusión no citado expediente da liquidación do orzamento do exercicio anterior (ano 2018) e un avance da corrente referida a seis meses do exercicio corrente (6 meses do ano 2019), polo que a súa elaboración e aprobación axustouse aos trámites establecidos na normativa vixente, polo tanto pasamos a votar este primeiro punto: votos a favor da proposta do Concelleiro Delegado de Facenda, votos a favor,

en contra, abstencións, vale, e votamos agora a aprobación definitiva do orzamento para o ano 2020, votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, queda aprobado entón o orzamento para o ano 2020.

## **2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MC10/2020**

Tras deliberación, sométese a votación a aprobación do expediente de modificación orzamentaria MC10/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en data 23.10.2020, e o informe da interventora municipal de data 23.10.2020, obrante no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada en data 28.10.2020, por 8 votos a favor (5PP, 3PSOE) e 3 en contra (2EU-SON EN COMÚN, 1 BNG) **ACORDA:**

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 10/2020**, de suplementos de créditos , financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de **75.000 euros**, de acordo co seguinte esquema:

### **1º SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.**

**B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS( aplicacións dotadas insuficientemente no orzamento )**

<b>PROX.</b>	<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>Consignación antes deste expediente( € )</b>	<b>Aumento que se propón ( € )</b>	<b>Total consignación resultante ( € )</b>	<b>Causas da súa necesidade</b>
20202A EIM1	231.63200	70.000,00	50.000,00	120.000,00	Ampliación escola infantil municipal As Lagoas
20204BI BLI1	3321.62200	80.000,00	25.000,00	105.000,00	Edificio nova biblioteca
<b>TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>			<b>75.000,00</b>		

**TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS 75.000,00 €**

### **2º FINANCIAMENTO**

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A ) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **75.000 €**.

<b>REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. RESULT. LIQUIDACIÓN 2019</b>	1.523.722,18
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 03/2020	164.518,51
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 04/2020	148.735,45
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 05/2020	698.678,59
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 09/2020	8.000,00
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 10/2020	75.000,00
<b>= REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 10/2020</b>	428.789,63

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de 0 €.

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Inversións do proxecto de orzamento para o 2020, así como a programación plurianual dos proxectos de investimento relacionados nas seguintes táboas, quedando ambos do seguinte xeito:

1) Anexo de Inversións.

APLICACIÓN	PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	TRANF.	%	ENX INV	%	PRE	%	OU TR	%	FONDOS PROPIOS	%
231.63200	2020AEI M1	AMPLIACIÓN EIM AS LAGOAS	120.000,00	50.000,00	41,67	0	0	0	0	0	0	70.000,00	58,33
3321.62200	2020BIB LII	EDIFICIO NOVA BIBLIOTECA	105.000,00	0,00	0	0	0	0	0	0	0	105.000,00	100

2) Programación plurianual.

PROXECTO	DENOMINACIÓN	ANO INICIO	ANO FIN	CUSTO TOTAL	EXECUCION PREVISTA ATA 31/12/2020	PROG. PLURIANUAL					PREVISION DE IMPORTES COMPROMETIDOS A 31/12/2020							
						2020	2021	2022	2023	RESTO	2020	2021	2022	2023	RESTO			



20202AEIM1	AMPLIACIÓN EIM AS LAGOAS	2020	2021	215.718,62	120.000,00	120.000,00	95.718,62	0	0	0	120.000,00	95.718,62	0	0	0
20204BIBLI1	EDIFICIO NOVA BIBLIOTECA	2020	2020	105.000,00	105.000,00	105.000,00	0	0	0	0	105.000,00	0	0	0	0

3.- Elevar a porcentaxe á que se refire o artigo 174.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no caso do gasto plurianual da Ampliación da Escola Infantil As Lagoas, correspondente ao exercicio inmediato seguinte ata o 80%.

4.-Condicionar os acordos dos apartados, un, dous e tres anteriores á aprobación definitiva do proxecto de orzamento de 2020 e a súa posterior entrada en vigor. No caso de non aprobarse definitivamente o proxecto de orzamento de 2020 e non entrara en vigor o mesmo, os presentes acordos de modificación orzamentaria, de modificación do anexo de investimentos e da programación plurianual e compromiso do gasto plurianual (elevación de porcentaxe de execución) serán anulados.

5.-Expoñer, o expediente de modificación de créditos e a modificación do anexo de Investimentos así como a programación plurianual do mesmo, ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos, así as modificacións do Anexo de Investimentos e da correspondente programación plurianual no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

### DELIBERACIÓN

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Pasamos ao segundo punto. Pido brevidade aos voceiros ou os que vaian a falar, porque a policía nacional, quedamos no compromiso que as nove e media aproximadamente podían atender aos veciños, e na medida que podamos e non estar, obviamente, todo o que queiran expoñer os grupos, na medida en que poidan sintetizar pois agradeceríallo un montón. Pasamos entón ao segundo punto, segundo punto e... expediente de modificación orzamentaria MC10/2020. Ten a palabra o Concelleiro de Facenda.

**Sr. Mahía Prados:** Si, moi brevemente, este expediente de modificación como é motivado na... no propio expediente vén por unha parte, finalizadas as taxacións que se fixeron en torno a todo o que vén sendo no casco urbano, taxacións que serán levadas a comisión de urbanismo, creo recordar que xa están dentro do expediente, pois a maior, o edificio que máis contía tiña creo recordar que eran 100.500 euros, entón pois redondeouse a alza esa partida para garantir calquera inmovible que se atope no casco, pois entre dentro de esa partida, e logo referente a aportación da... da Escola Infantil das Lagoas, e.. auméntase a partida para, bueno, firmado xa o convenio para... hai que ter en conta que os orzamentos estábanse facendo a principios de ano, cando se tiña unha previsión do que podía ser o convenio, agora que xa se firmou o convenio, sabemos exactamente a contía pois é esa compensación que... que faltaría para a ampliación da... da Escola e esas son... son as motivacións que veñen a... a esta modificación de crédito, a ampliación cumprindo coa estabilidade e co Plan Económico Financeiro desas partidas, para poder iniciar a licitación. Nada máis. Grazas.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Vale, bueno, en primeiro lugar dicir... para aclarar unha cuestión e... as taxacións que van mañá á Comisión de Urbanismo, si ben son todas as que se fixeron ata o día de hoxe, é verdade que faltan aínda por chegar, e dicir, non son todas as... todas as que temos, dígoo para que quede claro este tema que se solicitaron aínda máis que están a espera de ser recibidas, polo tanto, é simplemente para dar transparencia a esta cuestión e que os grupos teñan coñecemento das taxacións que se foron facendo. En todo caso, centrándose no punto, a proposta do Concelleiro Delegado foi votada de forma preceptiva na comisión pertinente e, obviamente, vén pois para facer... habilitar pois partida para edificio da nova biblioteca municipal e unha rehabilitación e ampliación da Escola Infantil As Lagoas, que son as cuestións fundamentais que... que veñen aquí agora, polo tanto pois abrimos un primeiro turno. Intervencións? Si. Pilar.

**Sra. Díaz Otero:** Bueno, a modificación presentada no prazo de... de exposición pública e resolución de reclamacións, xusto despois da resolución de reclamacións, que coincide con unha reclamación que presentáramos ao orzamento, que aínda que foi desbotada tendo en conta o informe da Interventora Municipal por non ter un informe pericial que o sustentase, finalmente xa recollía a totalidade do custo da memoria para a ampliación da... da Escola Infantil, dado que no anexo de inversión estaba reflexado só 150.000 euros e non os 215.000 que vén na memoria. É verdade que a memoria é de marzo e polo tanto é previa á presentación de estes orzamentos, supoñemos que en estes días entrara o proxecto e estamos convencidas de que vai a vir axustado a memoria ou por debaixo da memoria para non ter que ir a outra modificación de crédito, e que polo tanto, era un dato que xa era coñecido por todos, desde marzo a memoria xa é coñecida e, iso non influía a sinatura do convenio, e a aportación que ten a Xunta non influía no coste que tiña que vir reflexado no... no orzamento. En todo caso, para nós si que non é necesario ou non é comprensible que o Pleno teña que, de forma excepcional, autorizar un gasto maior do que corresponde as obras plurianuais, tendo en conta que xa está na tramitación do orzamento e tendo en conta que se esta facendo unha modificación de crédito. Tal como vén reflexado no informe de intervención, o que estamos votando non é só a modificación de crédito, senón tamén considerar a excepcionalidade do

incumprimento da Lei en canto as anualidades e o tanto por cento que ten que vir a cada anualidade reflexada nas obras plurianuais, e nós entendemos que tería cabida no orzamento do 2015... no orzamento do 2020 o cumprimento deses tantos por centos que esixe a Lei e no 21 tamén. E despois, por último, en canto ao edificio da nova biblioteca, bueno, aclarouno o alcalde xa que, é obvio, que falta... que faltan taxacións de... de edificios, como todo mundo sabe, non están todos os edificios onde o goberno pretende instalar a biblioteca municipal nas taxacións que plantexaron, é algo que é coñecido de forma maioritaria no conxunto da poboación de Mugardos e, que polo tanto, teñen que estar completadas esas taxacións, de todas formas nós seguimos defendendo que a biblioteca ten que instalarse no Cine Zárate, temos unha discrepancia en este sentido co grupo... co grupo de goberno, cremos que tiñamos, e que hai xa unha memoria valorada, autorizada por Patrimonio, con unha financiación que facía alcanzables non perder este ano, a decisión e outra por parte do Goberno e é respectable, pero o noso voto non vai avalar outra situación distinta que sexa o Cine Zárate.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, en todo caso, si bueno, abrimos un segundo turno, Algún grupo? PP, Gemino e José Angel. Gemino.

**Sr. Varela Filgueiras**: Si, bueno, nós simplemente dicir que como ben dixemos na Comisión de Facenda e... non íamos, ou sexa íamos a votar en contra de calquera modificación de crédito, mentres non víramos ás taxacións e o proxecto, ou sexa, a memoria valorada do Cine Zárate, o certo é que é certo que van a Comisión de Urbanismo mañá, entón tamén entendo que houbo a posibilidade de convocar este Pleno mañá despois da Comisión de Urbanismo, porque eu por falta de tempo, debido a cuestións persoais, non tiven a oportunidade de ver esas taxacións nin... nin a memoria valorada do Zárate, e de estudiala en profundidade, e tamén é certo que como ben acaba de dicir o Alcalde, e... non son todas as taxacións que hai, entón tampouco entendo que si aprobamos esta modificación de crédito e dentro de tres días aparece unha taxación de 110.000 euros, indubidablemente esta modificación de crédito non vai valer para moito e haberá que facer outra polo importe de... da diferenza, entón nós imos a seguir mantendo o voto contrario a esta modificación de crédito.

**Sr. Alcalde**: Si, José Angel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Bueno, nós imos a votar favorablemente a esta modificación de crédito, entendemos que si é necesario que exista este crédito para poder continuar coas xestións, pois imos a... a aprobalo, a darlle... esa confianza para que, pois as cousas se poidan... se poidan facer. E... non entendo moi ben o tema técnico que se discute aquí en ocasións, no Pleno Municipal, eu simplemente se un informe dun técnico di unha cousa, pois é o que di e nada máis non?, Ou sexa, non creo que sexa nosa cuestión, e... pois digamos que rebater ou inspeccionar si o técnico municipal está a facer o seu traballo correctamente ou non, hai un informe que di unha cousa e nós, pois simplemente, atémonos a esa información. Como dicía imos dar o voto favorable.

**Sr. Alcalde**: (que traducido di): Bueno eu, unha cuestión aclaratoria antes de... da cuestión, bueno, imos ver, o que se leva a Comisión de... de... as taxacións que están a día de

hoxe e... non é, digamos definitivo, as decisións que se tomen respecto ao que hai, simplemente estase a facer unha composición de lugar para saber exactamente como está o mercado e cales son as taxacións que se poden facer, indubidablemente a decisión hai que tomala en función de moitas características, pero en todo caso, o único que hai feito, dada a... a envergadura das taxacións, que supoño que quererán ver con detemento é ir dándolle as taxacións na medida en que eu vou recibindo esas taxacións, porque si logo queren que lles dean un montón de taxacións, diranme que non teñen tempo para velas despois, entón o que hai agora irase entregando, e ademais hai que presentar unha proposta, unha proposta que o goberno entende que é razoable e que cumpre o que se dixo neste Pleno, de darlle un uso sociocultural a ese edificio, que é precisamente o que estamos a facer, polo tanto, lévase precisamente ese estudio e a memoria do Zárate para que os grupos teñan coñecemento e poidan decidir o futuro do Zárate, que é unha novidade, porque antes un grupo minoritario decidía por todos. E eu creo que o razoable, como dixo moi ben o Voceiro Popular, o que dixo que, en estes tempos de pandemia, o normal é chegar a consensos, o goberno do Estado solicita, os grupos que conforman o Goberno da Nación solicítano, pero logo cando están nos concellos poñen os paus nas rodas, bueno pois esa contradición que ten a política, pois queremos que non se traslade a... aos veciños de Mugardos, e o lóxico é dar transparencia, transparencia que nunca houbo respecto ao cine Zárate e que queremos darlle, polo tanto poñemos a disposición dos grupos municipais a información da que dispón o Goberno, e que vai a seguir ampliando, xa digo, e non hai que tomar ningunha decisión, simplemente é valorar a información que temos e logo pois, cada un terá que dicir a súa posición, e queremos oír a todo o mundo coas súas posicións, o que nos parece un pouco antidemocrático efectivamente, é que cada un xa diga que a posición se non é a miña pois xa non respiro e non quero que se faga como..... Hai que intentar..., e nós tamén fomos oposición moito tempo, e saber cando... hai que ter altura de miras, e si o Pleno decide unha cousa, que é o que temos que facer aquí, decidir entre todos, o futuro dun edificio, que pode ser para os vindeiros cincuenta, cen anos, outros cen anos, pois esperemos que veña cun consenso amplo, non pola decisión dun grupo minoritario que queira impoñer un, un uso en ese edificio, nós non queremos impoñer nada, o único que queremos facer é que os grandes temas de Mugardos teñan respaldo maioritario do Pleno de Mugardos, iso é o que queremos facer e iso é polo que traballamos de forma intensa, e polo tanto, o Pleno obviamente decidirá finalmente o que quere facer con ese edificio, como ten que ser, como entendemos que se fai en Mugardos, pero en todo caso, eses vetos e liñas vermellas a que se non fago o que eu quero pois voto en contra, bueno pois, xa estamos acostumados, polo tanto, a pesar de algúns, Mugardos irá para adiante, a pesar da pandemia, a pesar dos problemas que nos puxeron, que economicamente estrangularon este Concello ata un punto insospeitado e que daría para escribir unha novela, que ao mellor dáme como Pedro Sánchez, para escribir un libro acerca de todo isto, e probablemente será bestseller na comarca, pero en todo caso, antes de que me de, porque non teño tempo material, pagando facturas para escribir, pois imos intentar saír adiante con uns orzamentos que son absolutamente necesarios. O Concello de Mugardos atópase na UCI, e necesita obviamente aire, e o único aire que se lle pode dar é con esa aprobación e coas modificacións en proxectos que baixo unhas circunstancias peculiarmente en contra facemos un esforzo indubidable por ter unha Escola Infantil ampliada, gañando espazos, e aínda máis, cumprir un compromiso histórico de Mugardos, para ter un edificio ou unha parcela municipal que poida albergar nun futuro vindeiro unha biblioteca, eu creo que en fin, fixemos

moito máis do que se nos pedía ao goberno nas condicións, probablemente nas peores condicións económicas da historia de Mugaros, pero en todo caso, algúns prefiren que o gasto siga aumentando sen ter ningún tipo de estabilidade económica, ningún tipo de criterio, ningún tipo de cuestión, eu en todo caso, remítome ao sentido común, Mugaros merece a pesar de todo, ter futuro e creo que entre todos faise o futuro. Miguel podes intervir.

**Sr. Mahía Prados** (que traducido di): Si, nada, eu para finalizar, aparte de subscribir todo o que dixo o Alcalde, só dúas cuestións: a primeira, dise que xa... todo o mundo sabe onde o goberno pretende facer a biblioteca, oia mire, nin nós mesmo o sabemos, e que... e que vostedes teñen un problema e é crer que aquí non sei, nós estamos pedindo orzamentos, estamos mirando todas as ubicacións habidas e por haber, e vostedes xa din que temos escollido o sitio, oian, pois digan cal, digan cal porque se non o temos mirado, mirámolo, é que me parece do absurdo dicir que o goberno xa ten mirado o sitio e mirado todo, pois oia se tiveramos xa mirado o sitio igual non faciamos a modificación de crédito e iríamos ao concurso. E que home ... un pouquiño de... xa non pido sentido, porque nunca no goberno, no que refire á xestión, o tiveron, e non o van a ter agora na oposición. Mire, referente a biblioteca do Zárate e todo o que houbo, para finalizar, que está esperando fora a policía, e... para finalizar, o que hai é un protocolo, non hai ningún compromiso, nin o primeiro, por parte de Reganosa, de financiar con medio millón de euros unha biblioteca no Zárate, non existe, o que hai é un protocolo coa súa enxeñería e con tal, exploraríamos os medios, pero non hai un compromiso firme de financiación para unha biblioteca no Zárate, iso deixen de vendelo como iso, porque non pon tal cousa o protocolo, e logo miren, tres... dous terzos do Pleno acordou que no Zárate ía un edificio sociocultural, dous terzos, oito dos trece concelleiros, as imposicións quedaron atrás, quen prefira a época de imposicións de que está acostumado e tal, hai sitios maravillosos como Corea do Norte, ao que se poida ir, pero isto é unha democracia.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno moi ben, pois moitas grazas, pois entón esgotado o turno de intervencións, pasamos á votación, subscribindo pois votando a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda Persoal e Participación Cidadá, que consta no expediente, que vén ditaminada pola comisión pertinente. Votos a favor, abstencións, en contra. Bueno, pois queda aprobada a modificación de crédito, grazas os que votaron a favor e levántase a sesión.

E sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretaria acctal., dou fe.

Vº e prace  
O ALCALDE